

O conflito da ardora no Morrazo



Traífeiras na praia do Con, a comezos do século XX. CANTERO/ARQUIVO ASOCIACIÓN CULTURAL NÓS

Xesús Cancelas Franco*

24-06-21 - Faro de Vigo-Morrazo

<https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2021/06/24/o-conflito-da-ardora-morrazo-54236853.html>

Hoxe é día de San Xoán e aínda que esta pasada noite non puideron celebrarse as grandes fogueiras en espazos públicos a bo seguro que non faltaron multitude de cacharelas e lumes en eidos e fincas privadas. E como non podía ser menos en moitas delas asáronse sardiñas, un peixe especialmente asociado a noite de San Xoán. Aproveitando esta circunstancia o veciño moañés Xesús Cancelas Franco achega un texto sobre o conflito da ardora na comarca do Morrazo, que un 21 de xuño de hai 110 anos viviu un dos seus episodios máis graves con enfrontamentos entre mariñeiros de Moaña e Cangas

A **chegada dos fomentadores cataláns** na segunda metade do século XVIII significou un **grande cambio na pesca tradicional galega** coa introdución de novas artes de pesca, embarcacións de máis eslora e tamén trouxeron novas maneiras de elaborar o peixe. Todos estes **cambios acabaron traendo enfrontamentos** entre os sectores afectados polos distintos intereses. O que comezou con confrontacións entre mariñeiros non tardou en ser un labirinto de controversias transversais entre mariñeiros, armadores, fabricantes, vendedores de raba, etc.

Os primeiros encontronazos xurdiron pola **introdución da xábega, unha vella arte de pesca de orixe árabe** que se usaba no Mediterráneo pero non nas costas galegas. Era una rede de arrastre con copo e que tiña entre 300 e 600 metros. Coa aparición desta nova arte, **pecábase máis cantidade de sardiñas e trouxo como consecuencia a baixada dos prezos**, o que favorecía aos propietarios dos “almacéns” de salga, que os fomentadores **tamén transformaran ao cambiar o sistema tradicional por outro que prensaba e reducía o volume do peixe**, para exportar ao tempo que aproveitaban as graxas da sardiña para vender ou elaborar produtos industriais.

No último cuarto do século XIX a pesca e as distintas formas de elaborar o peixe comezan a ter unha importancia capital na economía das vilas do Morrazo, secularmente ligadas á produción agrícola. As **industrias da salga comezaron a**

transformarse en fábricas de conserva, e a necesidade de máis materia prima provoca que muden de novo as artes de pesca, comezando a utilizarse **a traíña que estaba legalizada dende 1883 en augas do Cantábrico** e tamén aparece unha nova embarcación, a traífeira, que foi traída durante os últimos anos do século en barcos a vapor de Asturias e Cantabria ata as costas galegas. Coas novas embarcacións e redes tamén viñan patróns e piqueiros para adestrar ás novas tripulacións.

A novidade provocou outro **enfrentamento entre os mariñeiros tradicionais que utilizaban unha rede de deriva chamada xeito** en embarcacións de **entre 3 e 5 metros de eslora con 5 ou 6 tripulantes a bordo**, cos das **traíñas que era una rede de arrastre e que usaban embarcacións de máis de 13 metros de eslora** e de máis dunha ducia de tripulantes chegando a pasar de vinte nalgúns casos. Ademais comezouse a utilizar a raba como cebo.



Traífeiras na praia de Moaña. FOTO PACHECO/ARQUIVO ASOCIACIÓN CULTURAL NÓS

O día **5 de maio de 1891**, un grande número de **mariñeiros de Tirán, Moaña e Cangas** desembarcaron acompañados das súas mulleres e fillos na Ribeira do Berbés para **manifestarse ata a Comandancia de Mariña** en contra do uso do trabuquete (unha das artes usadas na ardora) alegando que danaba a pesca.

Nos anos seguintes hai numerosas protestas e enfrontamentos como sucedeu o día **26 de outubro de 1900 que foron dinamitadas na Praia do Con sete traífeiras**, a maioría de armadores vigueses aínda que as tripulacións eran de Moaña. Por estes feitos foron **detidos días despois José Vidal de Tirán e José Tenorio**, patrón dun boliche de Moaña.

O sábado 5 de outubro de 1901, durante a **visita do Ministro de Mariña Cristobal Colón de la Cerda a Cangas**, unha representación de dez armadores e patróns de Moaña presentados polo exalcalde Eugenio Sequeiros dicían estar **dispostos a desfacerse das traífeiras e comprar xeitos se se suprimían para todos**, a iniciativa non chegou a ter éxito. Na saída do acto o Ministro foi vitoreado e **moitas mulleres de Cangas axeonllábanse ao seu paso** pedíndolle axuda para o xeito.

No ano 1902 en Moaña xa conviven as dúas formas de pesca e **súmanse apoios de todas as parroquias para celebrar en Vigo unha manifestación o 4 de novembro a favor da traíña**. De Meira e do Con saíron dous vapores remolcando trinta traíñeiras coas súas tripulacións para asistir á dita manifestación que **sumou cinco o seis mil persoas** e tamén era apoiada pola **Liga de Agricultores e a Liga de Contribuintes de Moaña**.

Nos anos seguintes o conflito foise decantado a favor da traíña. En 1911 o **estudoso da pesca Benigno Rodríguez Santamaría publica o “Diccionario ilustrado, descriptivo...”** no que se afirmaba que un porto de pouca importancia como **Moaña prosperou moitísimo por admitir os cercos, en cambio Cangas sufríu considerables perxucios por non admitilos**. O enfrontamento entre o xeito e a traíña estaba de remate e a partir de 1908 comezara un novo, o da ardora.

Desde finais do século XIX os portos de Vigo e Bouzas xa tiñan unha boa frota de vapores, e nos primeiros anos do novo século **no porto de Cangas xa hai tamén varias motoras e vapores**, algúns deles eran de armadores de Vigo con base no porto do Morrazo. Estas embarcacións, **sobre 1905 comezaron a traballar durante as noites**

que non había lúa, o que producía unha fosforescencia no mar que delataba a situación dos bancos de peixe. Este tipo de pesca non usaba raba o que lles abarataba moito os custos.

Esta forma de traballar deu en chamarse fosforescencia, escurada ou ardora, e entre **as tripulacións das motoras e das traíñeiras a remo acusábanse mutuamente do uso de medios ilegais** como a dinamita pola noite e os pistóns polo día.

En 1909 a **escaseza de sardiña agravou a situación dos mariñeiros** e tiveron que pechar varias fábricas de conserva que en anos anteriores **exportaran por valor de 20 millóns de pesetas e en 1910 non chegaron a 8 millóns**.

As motoras usaban como aparello o cerco de xareta e utilizaban o balo para facer entrar o peixe no aparello. **O balo consistía en facer un gran estrondo –un ruído moi forte–**

coas hélices, co grifo de fondo das motoras ou con pandullos, sendo acusados de espantar as sardiñas con semellantes ruídos polo que non entraban nas rías. Isto provocou moitos enfrontamentos e manifestacións.



O médico e alcalde moañés Emilio Barros Valea, que era “antiardorista” ARQUIVO ASOCIACIÓN CULTURAL NÓS

Dende principios do ano 1911 comezaron a producirse **queixas por parte das tripulacións de embarcacións que pescaban en puntos de postas das xábegas** polo abuso por parte de lanchas que utilizaban o procedemento do balo.

O primeiro de marzo constituíuse en Madrid a **Junta Superior de Pesca** á que asiste en representación dos mariñeiros de **Moaña, Teis, Redondela e Tirán o patrón de Moaña Antonio Boubeta** e representando aos da ría de Pontevedra o **alcalde de Moaña Emilio Barros Valea**, os dous contrarios da ardora. En representación dos patróns e mariñeiros de Cangas asistiu **Juan Rivera Atienza** e como **comisionado do Concello o tenente de navío Álvaro Guitián**, ambos a favor da ardora. Non houbo **ningún tipo de acordo** quedando as conclusións pendentes de novos estudos.

O 23 de abril celebrouse un mitin e manifestación en Vigo, con ampla representación dos sectores pesqueiros das rías de Pontevedra, Vilagarcía e Vigo cunha participación de máis de 2.000 persoas contrarias á pesca a ardora. Días despois **publicase na Gaceta unha Real Orden na que se prohibe a pesca pola noite con cerco de xareta ou similares polo procedemento da ardora** nas provincias marítimas de Vigo, Pontevedra e Vilagarcía, salvo fóra das rías e a máis de dúas millas da costa.

A primeiros de xuño hai de novo manifestacións en Marín e tamén en Cangas, onde se manifestan mariñeiros de Bueu, Aldán, Hío, Beluso e Moaña xunto cos veciños de Cangas contrarios á pesca nocturna.

Despois de moito tempo de tensións, **o día 21 de xuño ás 8:00 h corre a nova de que houbera un grave enfrontamento entre mariñeiros de Cangas e de Moaña** cunha grande cantidade de feridos.

Ao coñecer a noticia o **Axudante de Mariña de Cangas, Luis Fernández Piña que levaba 15 días no cargo apresurouse a embarcar no vapor “María”** de transporte de ría acompañado de dous subordinados para dirixirse ao lugar do enfrontamento. Chegando a Balea atopou no seu rumbo a varias motoras, os seus tripulantes parecían alleos ao sucedido.

O axudante dirixiuse ás Cíes nunha das lanchas a motor e **estas maniobras foron seguidas desde terra por moitos veciños de Cangas**, que ao mediodía xuntáronse arredor do peirao de Cangas para ver a chegada da motora onde viaxaba o Axudante **remolcando a varias traíñeiras apresadas que interviran na hostil disputa**.

Ao desembarcar os mariñeiros das traíñeiras de Moaña **tivo que intervir a Garda Civil, Carabineiros e Autoridades para evitar que foran agredidos**, tendo algúns deles que refuxiarse en casas ao seren apredados. Foi necesario protexelos pola forza pública ata levalos a Axudantía de Mariña para prestar declaración.

O día 21 de xuño de 1911 enseguida corre a nova de que houbera un grave enfrontamento entre mariñeiros de Cangas e de Moaña con moitos feridos, o que provocou que o Axudante de Mariña de Cangas Luis Fernández Piña se trasladase de inmediato ao lugar

Dúas das traíñeiras con mariñeiros **feridos a pedradas cando desembarcaban en Cangas**, dirixíronse a Vigo para queixarse ante o Comandante de Mariña e este vistas as declaracións dos mariñeiros ordeou que voltasen a Cangas para prestar

declaración na Axudantía. O **cañoneiro “Hernán Cortés” tivo que saír pola ría ata as Cíes polas alarmantes noticias**, pero cando chegou o tumulto xa tiña rematado.

Despois de prestar declaración na Axudantía os mariñeiros de Moaña acompañados da Garda Civil e Carabineros dirixíronse ás súas casas, e a medida que foron chegando **atoparon as súas mulleres e moitos veciños excitados e con ánimos de revancha polo que tiña pasado nas Cíes e en Cangas**. Na opinión pública había moita preocupación polos antagonismos entre Cangas e Moaña porque podían ocasionar un día de loito.

Máis tarde unha comisión de mariñeiros de Moaña visitou ao Comandante de Mariña en Vigo para queixarse de que numerosas lanchas a vapor de Cangas, **atropelaran no mar a cinco traíñeiras a remo de Moaña provocando varios feridos** e non houbo máis porque algúns mariñeiros tiveron que tirarse ao mar e logo valéndose da súa maior velocidade escaparon. Formularon unha denuncia por escrito e marcharon esperando que se puxera coto aos atropelos denunciados.

O 25 de xuño convocouse unha reunión para solucionar as diferencias entre os mariñeiros de ambas vilas e rematada a reunión os representantes de Moaña percorreron antes de voltar, varias rúas de Cangas sen que ninguén os molestara

O domingo 25 o Axudante de Mariña de Cangas, preocupado pola situación convocou ás 10 da mañán na Axudantía **unha reunión para solucionar as diferencias entre os mariñeiros de ambas vilas**. Participaron patróns das motoras de Cangas e tamén unha ampla comisión das traíñeiras de Moaña entre os que se atopaba o **Alcalde Emilio Barros**. Rematada a reunión os **representantes de Moaña percorreron antes de voltar, varias rúas de Cangas sen que ninguén os molestara**.

O martes 15 de agosto celebrouse **unha grande manifestación anti-ardorista na Alameda de Vigo** na que ademais de mariñeiros tamén participaron empregados de fábricas de conservas que estaban de folga. Dirixíronse á casa do Concello, é unha comisión na que estaban industriais de Marín o **Alcalde de Moaña, o Patrón Antonio Boubeta e o Presidente da Federación de Traballadores de Vigo**, levaron unha instancia ao Alcalde da cidade coas súas reivindicacións e para que as dirixira ao Xefe de Goberno José Canalejas. Os manifestantes na Praza da Constitución **diron vivas ao Alcalde polo su apoio e mortes a escurada**.

Posteriormente os manifestantes foron ata a Comandancia de Mariña, entregando un escrito dirixido ao Ministro de Mariña José Pidal. O Comandante comunicoulles que así o faría e explicoulles que non tiñan medios para facer valer as Reales Ordes de maneira eficaz por falta de embarcacións de vixilancia. Na manifestación participaron **representacións de Vigo, Cangas, Bueu, Marín, Aldán, Teis, Moaña e Redondela** e posteriormente disolvéronse en perfecto orde.

O conflito da ardora estivo activo durante todo o verán e **volvería a reproducirse ao ano seguinte**.



*Veciño de Moaña e membro da Asociación Cultural Nós